

**CUESTIONARIO DE
AUDITORÍA AMBIENTAL INTERNA
PARA FACULTADES, ESCOLAS
E CENTROS UNIVERSITARIOS**

CUESTIONARIO DE AUDITORÍA AMBIENTAL INTERNA PARA FACULTADES, ESCOLAS E CENTROS UNIVERSITARIOS

A Auditoría Ambiental é un instrumento para coñecer a realidade, problemática e prioridades do centro universitario en cuestións relacionadas coa conservación e mellora do medio ambiente. Baséase nunha avaliación periódica, sistemática e obxectiva das actitudes, comportamentos e métodos de xestión ambiental dunha entidade, neste caso, facultades, escolas e centros universitarios. Iso permite identificar a orixe, cuantificar e xerarquizar os problemas / necesidades ambientais do centro e a súa contorna, escollendo medidas preventivas e/ou correctoras prioritarias e realistas en termos de motivación, tempo e medios dispoñibles.

Esta auditoría ambiental constitúe un dos sete pasos da metodoloxía de Green Campus, xunto co Comité Ambiental, o Plan de Acción, a Declaración do compromiso ambiental, a Avaliación continua e a Información e Comunicación.

O ámbito de aplicación da auditoría ambiental proposta circunscríbese ao centro universitario e a súa área de influencia próxima. Para iso, o cuestionario facilita unha avaliación dos efectos ambientais que o centro produce ou induce sobre o medio ambiente local. Distínguense as seguintes áreas:

- Política e xestión ambiental
- Enerxía
- Auga
- Residuos
- Contaminación atmosférica, acústica e lumínica
- Mobilidade
- Zonas verdes e biodiversidade
- Compra verde e consumo responsable
- Participación e sensibilización
- Ambientalización curricular

En paralelo coa determinación de necesidades/prioridades ambientais do centro, é importante o contacto cos responsables centrais da Universidade, e que se poderá estender ás autoridades e/ou os técnicos locais, en aras a pescudar as necesidades/prioridades ambientais do municipio, de modo que as medidas preventivas e/ou correctoras escollidas polo centro universitario e plasmadas no seu Plan de Acción e na súa Declaración de compromiso ambiental, conxuguen armónicamente ambas as esixencias.

INSTRUCCIÓN PARA CUMPLIMENTAR O CUESTIONARIO DE AUDITORÍA AMBIENTAL

1º.- As respostas ao cuestionario de Auditoría Ambiental deben reflectir, na medida do posible, a situación actual do centro que se avalía e a súa contorna máis inmediata, aínda que algúns dos datos poidan provir da Oficina de Medio Ambiente ou doutros servizos centrais da Universidade. É importante que as respostas sexan validadas polo Comité Ambiental, onde se pode achegar información adicional. En calquera caso, os membros do Comité Ambiental que participaron na avaliación asinarán, ao concluír esta, ao pé da Folla Síntese final. Na devandita Folla, reflectiranse con cruces as respostas dadas con anterioridade a cada pregunta.

2º Antes de comezar a cumprimentar o cuestionario, léao detidamente co fin de identificar as súas distintas áreas e adquirir unha idea global do mesmo.

3º A continuación, volva ao principio do cuestionario e vaia respondendo as preguntas ordenadamente.

4º Procure non deixar preguntas sen responder e trate de facelo elixindo SI ou NON. Xustifique e matice a súa resposta na medida do posible, no apartado OBSERVACIÓN. Se precisa máis espazo do previsto para as observacións, utilice unha folla aparte indicando os números das preguntas ás que se refiren ditas observacións.

5º Ao finalizar o cuestionario é conveniente un repaso final, co obxectivo de verificar a exactitude e congruencia das respostas.

6º Considere que cumprimentar o cuestionario é unha ferramenta para a fixación de futuros plans de acción. Debe, por tanto, reflectir o máis fielmente posible a situación actual sen incluír aquelas medidas que, estando xa aprobadas ou previstas, non entraron aínda en acción.

7º Lembre que de nada serve sobrevalorar a realidade actual, posto que unha función do cuestionario é permitir comparar, en etapas sucesivas, as melloras e logros alcanzados.

1. POLÍTICA E XESTIÓN AMBIENTAL

DESCRICIÓN		SI	NON	OBSERVACIÓNS
1)	Tense coñecemento de se a Universidade ten unha política ambiental, uns obxectivos xerais e principios de acción ben definidos respecto ao medio ambiente?	X		Non hai un coñecemento en profundidade, pero a iniciativa do Green Campus axuda a ter un maior coñecemento.
2)	En caso afirmativo, aplícase dita política ambiental ao propio centro ou facultade?		X	
3)	Aplícase dita política ambiental ao propio centro ou facultade?		X	(Pregunta repetida)
4)	Elabórase un Código de Comportamento Ambiental ou consellos ambientais para o centro ou facultade?		X	
5)	Realízase algunha vez unha avaliación ou auditoría ambiental no centro ou existe un rexistro dos seus efectos ambientais?	X		En 2009 para varias facultades da UDC
6)	Tense coñecemento da lexislación ambiental nacional e comunitaria aplicable ao centro ou facultade?	X		O maior coñecemento está en función da actividade. Por exemplo: normativas a cumprir polo servizo de cafetería, ou de reprografía, etc. De todas formas hai certo descoñecemento no PDI, PAS e estudantes.
7)	Colabora o centro universitario co municipio e outros axentes sociais locais en materia ambiental?		X	Puntualmente, pode ser. Mais non se ten coñecemento dunha relación colaborativa constante.

2. ENERXÍA

DESCRIPCIÓN	SI	NON	OBSERVACIÓNS
8) O centro expúxose obxectivos de redución de consumo enerxético?	X		En relación coa calefacción e a iluminación
9) Realizouse algunha vez unha auditoría enerxética?	X		En 2009 para varias facultades da UDC
10) Na construción do edificio tivéronse en conta aspectos bioclimáticos? En caso afirmativo indique cales.		X	Probablemente non, aínda que non se coñece a realidade.
11) Leváronse a cabo medidas para aumentar o illamento térmico do edificio?		X	
12) Cal ou cales das seguintes fontes de enerxía utilízanse no sistema de climatización?			
• Carbón			
• Fuel-oil	X		
• Gas natural			
• Enerxía solar			
• Electricidade			
• Biomasa			
• Outras. Indique cales.			
13) A climatización do centro dispón de sistemas que permitan un control diferencial da temperatura por aulas, despachos, etc.?	X		En 5 grandes zonas da facultade
14) As conducións dos sistemas de climatización están adecuadamente illadas para evitar perdas de enerxía?		X	
15) Coñécense os consumos e efectos ambientais dos elementos ofimáticos: fotocopiadoras, fax, computadores, etc.?		X	O equipo decanal sí coñece os consumos de papel
16) Infórmase o consumo destes aparellos e fanse recomendacións sobre o seu correcto uso para minimizar o devandito consumo?		X	
17) No sistema de auga quente das billas, lavabos, etc. é posible a regulación da temperatura?		X	Non hai auga quente

18) Están as tubaxes dos lavabos e depósitos da auga quente ben illados para evitar perdas de calor?			(Non hai auga quente, polo que non procede a pregunta)
19) No sistema de iluminación de corredores e lavabos existen temporizadores ou detectores de presenza? En que porcentaxe?	X		100%
20) Que porcentaxe das lámpadas existentes son de baixo consumo ou utilizan tecnoloxía LED?			50%
21) Os teitos e as paredes das aulas están pintadas e/ou orientadas de forma que as habitacións obteñan a máxima luz posible?	X		Están pintadas en branco; nalgúns casos non están orientadas.
22) O sistema de iluminación permite sectorializar e/ou regular a intensidade luminosa das aulas e/ou zonas comúns?		X	Están sectorializadas por zonas comúns e nas aulas. Non están indicadas as sectorializacións nas aulas.
23) Cando finalizan as clases, existe algunha persoa encargada de apagar o sistema de iluminación das aulas ou existen temporizadores automáticos?		X	Os conserxes encárganse de apagar as luces que quedan acesas cando pecha o Centro
24) Contrólase o uso e a necesidade da iluminación exterior nos arredores do centro?		X	

3. AUGA

DESCRICIÓN	SI	NON	OBSERVACIÓNS
25) O centro expúxose obxectivos de redución de consumo de auga?		X	
26) Realízase seguimento do consumo de auga?		X	
27) Realízanse periódicamente inspeccións de billas, cisternas, depósitos de auga para evitar perdas ou goteos?	X		
28) Existen mensaxes e recomendacións nos lavabos sobre a escaseza e aforro da auga?		X	
29) A saída da auga das billas en lavabos, laboratorios, cafetaría, etc., está regulada mediante temporizador, detector de presenza ou outros sistemas de aforro de auga?	X		Os grifos maioritariamente son de pulsador
30) Adoptáronse medidas para diminuír o volume de auga das cisternas? (Ex: sistema de dobre descarga ou introducir unha botella baleira)		X	

4. RESIDUOS

DESCRIPCIÓN	SI	NON	OBSERVACIÓNS
31) Expuxéronse obxectivos de redución, reutilización e reciclaxe de residuos?		X	Só se tratou de reducir impresoras
32) Existe un sistema integral de recollida selectiva de residuos no centro? Especifique os tipos de residuos que se recollen de forma selectiva.		X	Existe un sistema integral de recollida de residuos informáticos a nivel da UDC. Na FEE recíclanse: pilas, móbiles, tapóns de plástico, papel, tóner, lámpadas e residuos electrónicos.
33) Coñécese o significado da abreviatura RAEE e as categorías de residuos englobadas baixo este nome?		X	O público xeral non está familiarizado coa abreviatura RAEE e as súas categorías
34) Infórmase os lugares de recollida de pilas, móbiles, lámpadas e tubos fluorescentes, así como consolas e outros pequenos aparellos eléctricos?		X	Non se informa adecuadamente onde se sitúan os puntos
35) Tense coñecemento do destino final de cada un destes residuos?		X	O papel o recolle o Concello. O resto encargáselle a entidades privadas (provedores do material ou non) a súa recollida para reciclar.
36) Adoptáronse medidas para a minimización de residuos tóxicos e perigosos (Ex: lixivias, deterxentes, pinturas, disolventes, pegamentos, medicamentos caducados, aceites minerais, cartuchos de tinta, pesticidas, etc.)?		X	Existen puntos de recollida de residuos de tóneres, cartuchos de tinta, fluorescentes.
37) Lévese a cabo unha xestión axeitada dos residuos citados na pregunta anterior?		X	Só procede os tóneres. O resto non hai.
38) Realízanse accións periódicas de información e formación sobre a xestión de residuos de laboratorio?		X	Non existen residuos de laboratorio na FEE
39) Os citados produtos e envases de produtos que poidan entrañar perigo para a contorna (véxanse as preguntas 36 e 38), almacénanse nun lugar adecuado e seguro de forma controlada?	X		Gárdanse en almacéns pechados

40) Evítase o uso de materiais desbotables tales como vasos ou cuberterías de plástico, ou baterías dun só uso?	X		Indicar que nas máquinas vending da FEE se usan vasos de plástico
41) Contrólase o número e a necesidade das fotocopias que se realizan?		X	
42) Utilízanse as fotocopias e o papel de borrador polas dúas caras nas reprografía e os despachos?	X		Non hai control, aínda que pensamos que é unha práctica bastante xeneralizada. E nos equipos que xeran máis volume de copias (conserxería) séguense estas pautas.
43) Os residuos orgánicos (da cafetaría ou comedor e outros) destínanse á produción de compost?	X		Creouse un composteiro no xardín aledaño á FEE

5. CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA, ACÚSTICA E LUMÍNICA

DESCRICIÓN	SI	NON	OBSERVACIÓNS
44) Está o centro situado nas inmediacións de industrias contaminantes?			
45) Lévanse a cabo medicións de niveis de contaminantes atmosféricos nas inmediacións do centro e no interior do edificio?			
46) Leváronse a cabo medidas para minimizar a contaminación atmosférica tanto dentro do edificio como nas súas inmediacións?			
47) Existe unha autovía, vía de ferrocarril ou aeroporto nas inmediacións do centro que orixine molestias acústicas?			
48) Realízanse medicións de niveis de ruído nas inmediacións do centro e no propio edificio?			
49) Leváronse a cabo medidas para reducir o ruído no centro ou facultade?			
50) Tívoe en conta a minimización da contaminación lumínica na instalación da iluminación nas inmediacións do centro ou se tomaron medidas respecto diso?			
51) En caso de existir sistemas de aire acondicionado, de refrixeración ou de utilizarse aerosois, tense en conta que non conteñan CFCs?			

6. MOBILIDADE

DESCRIPCIÓN		SI	NON	OBSERVACIÓNS									
52)	Coñécense os medios de transporte utilizados pola comunidade universitaria do centro ou facultade? En caso afirmativo indique as porcentaxes de uso de cada un dos medios de transporte por parte do PDI, PAS e estudantes.	X			Coche	Bici	Moto	Pie	Bus	Tren	Total		
				Estudiante	60%	0%	0%	1%	38%	1%	100%		
				PAS	76%	0%	5%	0%	19%	0%	100%		
				PDI	83%	2%	2%	5%	7%	1%	100%		
				Total	72%	1%	1%	2%	23%	1%	100%		
53)	É posible o acceso a pé ao edificio desde o núcleo urbano máis próximo?	X		Pódese acceder, mais son zonas non peonís (pouca comodidade)									
54)	Existe transporte público que chegue até as proximidades do centro?	X		Bus urbano. Tren (pouca frecuencia).									
55)	Existen iniciativas para fomentar o uso do transporte público?	X		Bolsas / descontos (dotación escasa)									
56)	Lévanse a cabo medidas que fomenten o uso da bicicleta como medio de transporte?	X		Baixo solicitude (pouca información)									
57)	Conta o centro cunha zona de aparcadoiro segura para bicicletas?	X											
58)	Os accesos ao centro en bicicleta son seguros?		X	Non hai carril bici entre todos os centros									
59)	Existen iniciativas de compartir vehículos privados motorizados?		X	Non por parte da universidade									
60)	Lévase a cabo un control do aparcadoiro indebido nas inmediacións do edificio?		X										
61)	Existen prazas de aparcadoiro reservadas para persoas con discapacidade nas proximidades do centro ou facultade?	X		Sí, dúas prazas									
62)	Lévanse a cabo actuacións para reducir os desprazamentos ou fomentar o uso de transportes alternativos evitando as horas punta? (Ex.: tele-traballo, tele-ensino, horarios graduados?)		X										

7. ZONAS VERDES E BIODIVERSIDADE

DESCRICIÓN	SI	NON	OBSERVACIÓNS
63) Atópase situado o centro preto dunha contorna protexida? Dita protección, é de carácter local, autonómico, estatal ou comunitario?			
64) Se é así, tívose en conta no deseño e construción do centro universitario?			
65) Conta o centro con zonas axardinadas propias?			
66) En caso afirmativo, fomentouse a presenza de plantas autóctonas adaptadas ás condicións climáticas locais?			
67) Utilízase auga reciclada para a rega das zonas axardinadas?			
68) Existen sistemas de captación de augas pluviais para a rega de xardíns ou outros usos?			
69) Utilízanse para a rega sistema de goteo de baixo consumo?			
70) Contan os xardíns con elementos da natureza para a educación, observación e goce por parte da comunidade universitaria? Indique cales:			
• Bosque ou zona axardinada natural			
• Pradera			
• Horto			
• Invernadoiro			
• Estanques			
• Acuario			
• Casetas para paxaros ou similares			
• Outros.			
71) En caso de existir horto, practícase agricultura ecolóxica?			

72) Utilízanse nos xardíns pesticidas e/ ou outros produtos químicos de sínteses?			
73) Os restos vexetais da xardinaría son utilizados para a elaboración de compost?			
74) En zonas con plantas interiores ou axardinadas atópanse rotulados os nomes das plantas e/ou existen paneis informativos sobre a flora ou fauna que albergan?			

8. COMPRA VERDE E CONSUMO RESPONSABLE

DESCRICIÓN	SI	NON	OBSERVACIÓNS
75) Na adquisición de produtos do centro, constitúen un elemento de xuízo significativo os principios do Comercio Xusto (retribución xusta ao traballador, non explotación infantil, cultivos e/ou produción sen danos ambientais, etc.)? Indicar os produtos suxeitos a estas modalidades.		X	
76) Na compra de materiais tense en conta a adquisición daqueles que sexan reciclables, reutilizables ou incorporen elementos reciclados? Indicar que produtos.		X	
77) Existen cláusulas relacionadas con criterios ambientais, compra verde e/ou comercio xusto nos pregos de contratación de servizos externos (limpeza, cafetería, xardinaría, etc.)?			(Non procede esta pregunta por non ser competencia do centro)
78) A cafetería do centro ofrece produtos ecolóxicos, de comercio xusto e/ou locais?		X	
79) Utiliza o centro cartuchos de tinta ou tóneres reciclados para as impresoras e/ou fotocopiadoras?		X	
80) Considérase como criterio ao adquirir aparellos eléctricos ou electrónicos o seu baixo consumo enerxético?		X	

9. PARTICIPACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

DESCRIPCIÓN	SI	NON	OBSERVACIÓNS
81) Existen órganos de participación en temas ambientais como un Comité Ambiental ou unha Comisión de Usuarios no centro?	X		O Comité Ambiental Green Campus da FEE, constituído en xaneiro de 2018
82) Existe unha oferta de participación en materia ambiental como Axenda 21, programa de voluntariado ambiental, colaboración con ONGs, etc.?		X	Non hai oferta específica da FEE
83) En caso afirmativo, coñécese o número de persoas do centro que participan nalgún destes programas?	X		Sí, no Comité Ambiental participan arredor de 35 persoas.
84) Hai algún taboleiro de anuncios no que se inclúa información ambiental?		X	
85) Existe un apartado específico na web da facultade ou centro dedicado a temas ambientais?	X		Existe este apartado, mais debe mellorar a súa visibilidade
86) Realizáronse enquisas sobre algún tema ambiental por exemplo mobilidade ou residuos?		X	Non na FEE, aínda que sí na UDC
87) Existe algunha canle para que a comunidade universitaria poida achegar suxestións ou ideas para a mellora ambiental da facultade?		X	Existen as canles xerais de comunicación (na FEE hai unha "Caixa de suxestións")
88) Realízanse actividades de sensibilización ambiental (ex. folletos, pósteres, conferencias, cursos, etc)?		X	Non na FEE, aínda que sí na UDC
89) O alumnado, PDI e PAS reciben información e/ou formación sobre boas prácticas ambientais nos seus centros de traballo ou estudo e fogares? Se é así, por que medios?		X	

10. AMBIENTALIZACIÓN CURRICULAR

DESCRIPCIÓN	SI	NON	OBSERVACIONES
90) Considérase integrada a educación ambiental nos plans de estudos e na docencia en xeral?		X	<p>A Facultade de Economía e Empresa conta cun total de 3 graos e 4 mestrados oficiais. Revisadas as guías docentes, atópanse 3 asignaturas que teñen relación co medioambiente (ver pregunta 92). No Mestrado Interuniversitario en Economía existe un itinerario que se imparte na Facultade de Economía e Empresa da UDC (http://www.mastereconomia.gal/plan-de-estudios/itinerarios/itinerario-1/) e no que hai materias como “Modelos de Xestión Pública” nas que se trata o tema da regulación pública da contaminación e dos recursos escasos, como o caso dos recursos pesqueiros.</p> <p>Tamén se revisaron as competencias dos títulos. Neste sentido, no Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas (2013) aparece:</p> <p>Tipo A. Cód: AP1. “CE01 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da revisión crítica das actuacións sociais e ambientais das empresas.” e “CE02 - Comprender a incidencia da contorna na actividade empresarial: dispor de coñecementos adecuados para interpretar e elaborar estratexias de actuación social e ambiental da empresa.”</p> <p>No tocante aos graos, no grao en Economía, aínda que non se menciona de forma directa a sustentabilidade, si se comenta nas competencias dos títulos de Tipo A. Cód A1: “CE1- Contribuír á boa xestión da asignación de recursos tanto no ámbito privado como no público.” E Cód A2: “CE2- Identificar e anticipar problemas económicos relevantes en relación coa asignación de recursos en xeral, tanto no ámbito privado como no público.”</p> <p>Igualmente, están vinculadas ao centro as seguintes Cátedras:</p> <p>Cátedra INDITEX-UDC de Sostibilidade: centra a súa formación na sustentabilidade e a responsabilidade e innovación social de administracións públicas, empresas e entidades non lucrativas, poñendo o foco nas iniciativas máis innovadoras que sexan capaces de crear conxuntamente valor económico, social e ambiental.</p> <p>Cátedra Hijos de Rivera-UDC de Desenvolvemento Sustentable: a súa misión é explorar modelos innovadores e disruptivos en proveito da sociedade que garantan un equilibrio entre a competitividade económica, o respecto ao medioambiente e o avance social.</p> <p>Por último, no curso 2018/2019, e a iniciativa do Green Campus Ferrol, se fai chegar a todo o PDI da FEE un documento con sete recomendacións para incorporar nas guías GADU 2019/2020 contidos relacionados coa sustentabilidade. Promóvese a súa incorporación, así como a de todo aspecto relacionado coa sustentabilidade, o cal se leva a cabo a través dun formulario web.</p>

91) Existen titulaciones específicas de grado ou postgrado relacionadas coa		X	Únicamente se pode mencionar que a facultade participa no “Master universitario en Ciencias tecnológicas y gestión ambiental” da facultade de Ciencias, no que se imparte unha asignatura: Economía Ambiental.
92) Incluíronse contidos ou materias específicas relacionadas coa sustentabilidade nas titulaciones non ambientais?	X		<p>1. Grao en ADE: “Políticas sociais e medioambientais da empresa (Cód: 611G02038)”, esta materia é unha optativa do 4º curso (2º cuatrimestre) que conta cun total de 6 créditos.</p> <p>2. Grao en Economía: “Políticas económicas sectoriais (Cód: 611G01018)”, esta materia é obrigatoria do 2º curso (2º cuatrimestre) e conta cun total de 6 créditos.</p> <p>3. Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas (2013): “Análise do ámbito (Cód: 611507004)”, esta materia é obrigatoria do 1º cuatrimestre e conta cun total de 3 créditos.</p> <p>Ademáis destas materias, existen outras que conteñen cuestións de sustentabilidade.</p>
93) O profesorado recibe formación en temas ambientais para que o integren nas materias que imparte?	X		<p>Dende o centro non se leva a cabo esta formación, mais sí dende o centro universitario de formación da UDC, o CUFIE. Os cursos de formación ofertados por este en relación a temas ambientais son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - “Plan de Formación Inicial - Dentro del módulo 3: <u>PFI1718-12: Responsabilidade Social e Ambiental Universitaria</u>” - “Plan de Apoyo a la Enseñanza: <u>18/MD/193: Construindo Aprendizaxe-Servizo en torno aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS)</u>” - “Plan de Apoyo a la Enseñanza: <u>18/CSIT/065: Docencia e responsabilidade social e ambiental universitaria</u>” <p>É importante mencionar que estes cursos son voluntarios, pero non obrigatorios, por tanto depende dos propios profesores inscribirse e participar neles.</p>
94) Promóvese a redacción de proxectos fin de carreira ou de máster sobre temas ambientais?	X		Nos últimos 4 cursos foron defendidos 21 TFG e 2 TFM con esta temática

<p>95) Existen equipos de investigación en temas ambientais ou de sustentabilidade?</p>	<p>X</p>	<p>Existen dous grupos de investigación máis directamente vinculados a estes temas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Economic Development and Social Sustainability (EDaSS) • Grupo de investigación en regulación, economía y finanzas (GREFIN) <p>Igualmente, cómpre mencionar aos Grupos de Innovación Docente (GIDS). Na Facultade de Economía e Empresa temos constancia de que algún deles incorpora a educación ambiental na docencia, como é o caso do grupo TI-4-HE e o grupo GRIDEM, grupos aos que pertencen parte dos docentes que elaboraron o curso MOOC de “Sustentabilidade na era do Big Data”. O listado de GIDS do centro é o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • CABARO • Enseñanza activa y aprendizaje real • Finanzas e sistemas de información • GRIDEM • Grupo de Innovación Docente en Historia Económica • Grupo de Innovación Educativa en Economía Pública • Grupo de Innovación Educativa en pensamento económico crítico • Grupo de Innovación Educativa Interdisciplinar • TI-4-HE • GRUPO DE INNOVACIÓN DOCENTE EN OPERACIÓNS FINANCEIRAS, ECONOMÍA ENERXÉTICA E • ECONOMÍA CIRCULAR
<p>96) Desenvolvéronse proxectos de investigación relacionados co desenvolvemento sustentable?</p>	<p>X</p>	<p>Tres proxectos nos anos 2010, 2011 e 2012</p>
<p>97) Utilízase o campus, centro ou facultade, como base para a investigación en relación a temas ambientais?</p>	<p>X</p>	<p>A facultade non é unha base directa para a investigación en temas ambientais, mais sí se tratan en canto ao seu vínculo e relación co mundo da economía e a empresa (ver preguntas anteriores). A nivel da UDC creouse o Campus da Sustentabilidade, un campus de especialización de fomento da excelencia no coñecemento coa fin da promoción do desenvolvemento sustentable.</p>

CONCLUSIÓNS	
98) Que pregunta(s) botou de menos neste cuestionario?	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Preguntas específicas sobre alimentación saudable. ✓ Preguntas específicas sobre residuos de equipamento informático.
99) Como cualificaría de 1 (moi mellorable) a 10 (excelente) a situación / xestión ambiental do centro? Xustifique brevemente a súa resposta.	<p>Cualificación: 6.</p> <p>Esta nota é o resultado de que hai accións que se están a desenvolver correctamente no centro, mais outras precisan de melloras (ademáis das que non se estén a levar a cabo).</p>

FOLLA SÍNTESE									
	SI	NON		SI	NON		SI	NON	
1			34			68			
2			35			69			
3			36			70			
4			37			71			
5			38			72			
6			39			73			
7			40			74			
8			41			75			
9			42			76			
10			43			77			
11			44			78			
12			45			79			
13			46			80			
14			47			81			
15			48			82			
16			49			83			
17			50			84			
18			51			85			
19			52			86			
20			53			87			
21			55			88			
22			56			89			
23			57			90			
24			58			91			
25			59			92			
26			60			93			
27			61			94			
28			62			95			
29			63			96			
30			64			97			
31			65			98			
32			66			99			
33			67						

Nome do centro universitario: Facultade de Economía e Empresa	
Localidade: A Coruña	
Data: 19/11/19 (data de aprobación polo Comité Ambiental)	
Os abaixo asinantes, coordinadores do Green Campus da FEE, certifican que as respostas precedentes reflicten de forma fiel a situación ambiental do noso Centro nesta data.	
Firmas dos coordinadores:	
Nome	Firma
1. Ivan López Martínez	
2. Rubén Lado Sestayo	
3. Estefanía Mourelle Espasandín	

